



CONCELLO DE  
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI12B	<i>Expediente</i> CON/19/2015	<i>Fecha</i> 22-05-15 11:21

Sello o Certificación Mecánica

Número 20 .- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do contrato do "Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros."

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de maio de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 20 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA E PATRIMONIO RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO "SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS PAVIMENTOS NO ÁMBITO DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EXCLUÍDO O RECINTO INTRAMUROS."**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 12 de maio de 2015, do xefe de servizo de OCIHR, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Cultura e Patrimonio. Así mesmo, do informe favorable de data 19.5.15, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora Xeral Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

**EXPEDIENTE: Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros**

**ASUNTO:** Adxudicación do contrato a 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL

**ANTECEDENTES:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI12B	<i>Expediente</i> CON/19/2015	<i>Fecha</i> 22-05-15 11:21

Primeiro: Con data 20 de abril de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL.

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución da mesma data requíreo para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 30 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de data 20 de abril, procede realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL, por un importe de 99.170 euros (IVE aparte 21%: 20.825,70 euros), que oferta unha porcentaxe de baixa do 23 % a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios incorporado ao prego técnico, ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

De acordo co recollido na cláusula segunda do prego técnico de aplicación as actuacións a desenvolver finalizaranse durante o ano 2015, e, en todo caso, ó esgotar a cantidade máxima orzamentada, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 33600 21000."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI12B	<i>Expediente</i> CON/19/2015	<i>Fecha</i> 22-05-15 11:21

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL**, por un importe de 99.170 euros (IVE aparte 21%: 20.825,70 euros), que oferta unha porcentaxe de baixa do 23 % a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios incorporado ao prego técnico, ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

De acordo co recollido na cláusula segunda do prego técnico de aplicación, as actuacións a desenvolver finalizaranse durante o ano 2015, e, en todo caso, ao esgotar a cantidade máxima orzamentada, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria **040 33600 21000**.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Manuel Martínez Varela**

